

Caldas de Reis.
 Cambados.
 Cangas.
 Estrada, A.
 Gondomar.
 Grove, O.
 Lalín.
 Marín.
 Moaña.
 Mos.
 Nigrán.
 Pontevedra.
 Porriño, O.
 Poio.
 Pontecesures.
 Pontearreas.
 Redondela.
 Ribadumia.
 Rosal, O.
 Salceda de Caselas.
 Salvaterra de Miño.
 Sanxenxo.
 Silleda.
 Tui.
 Vigo.
 Vilagarcía de Arousa.
 Vilanova de Arousa.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4728 *REAL DECRETO 266/2008, do 22 de febreiro, polo que se modifica a Confederación Hidrográfica do Norte e se divide na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e na Confederación Hidrográfica do Cantábrico.* («BOE» 62, do 12-3-2008.)

O Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, definiu o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Norte, organismo autónomo regulado polo Real decreto 930/1989, do 21 de xullo. O ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Norte abrangue as bacías hidrográficas xestionadas pola Administración xeral do Estado ao norte das bacías hidrográficas do Douro e do Ebro, entre as fronteiras de Francia e Portugal. Excluíanse as bacías intracomunitarias de Galicia, que foran transferidas anteriormente, e posteriormente excluíronse as bacías internas do País Vasco.

Na actualidade, a Confederación Hidrográfica do Norte abrangue dous grandes grupos de bacías: o Miño e o Limia, que verten no Atlántico, e as bacías da vertente cantábrica.

A este respecto, o Senado, por unanimidade dos seus grupos políticos, acordou o 5 de abril de 2005 instar o Goberno para que adopte as medidas necesarias para crear un organismo de bacía propio para os ríos Miño e Limia. Así mesmo, o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, define dúas demarcacións hidrográficas no ámbito territorial da actual Confederación Hidrográfica do Norte.

Todo isto pon de manifesto a necesidade de modificar a Confederación Hidrográfica do Norte e dividila nas

confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico, modificacións que se realizan conforme o previsto no artigo 63.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Medio Ambiente, por proposta dos ministros de Administracións Públicas e de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2008,

DISPÕO :

Artigo 1. *Modificación da Confederación Hidrográfica do Norte.*

Nos termos previstos neste real decreto, a Confederación Hidrográfica do Norte desdóbrase nas confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico, adscritas, para efectos administrativos, ao Ministerio de Medio Ambiente:

1. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil exercerá as funcións atribuídas á Confederación Hidrográfica do Norte no ámbito territorial da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, a que se refire o artigo 3.1 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito das demarcacións hidrográficas.

2. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico exercerá as funcións atribuídas á Confederación Hidrográfica do Norte no ámbito territorial da parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico, a que se refire o artigo 3.1 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito das demarcacións hidrográficas.

Artigo 2. *Sucesión da Confederación Hidrográfica do Norte.*

1. As confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico sucederán a título universal a Confederación Hidrográfica do Norte nos bens, dereitos e obrigas desta no que se refire aos seus respectivos ámbitos territoriais definidos no artigo 1.

2. Os bens, dereitos e obrigas da actual Confederación Hidrográfica do Norte que estean situados ou se proxecten sobre o ámbito territorial de ambas as confederacións imputaranse a estas atendendo ás súas funcións e en proporción á súa repercusión nas súas actividades respectivas.

Artigo 3. *Afectación dos bens de dominio público.*

Os bens de dominio público que teña afectados ou adscritos a actual Confederación Hidrográfica do Norte quedarán, conservando a súa cualificación xurídica orixinaria, respectivamente afectados ou adscritos ás confederacións hidrográficas do Miño-Sil ou do Cantábrico nos seus respectivos ámbitos territoriais.

O réxime xurídico dos bens propios e adscritos destas confederacións será o establecido no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e, supletoriamente, na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 4. *Estrutura orgánica e funcións.*

1. A estrutura orgánica, os órganos de goberno, administración e cooperación e as funcións da Confede-

ración Hidrográfica do Miño-Sil adecuaranse ao establecido ao respecto no texto refundido da Lei de augas, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e no Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

Créanse a Comisaría de Augas e a Dirección Técnica da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con nivel orgánico de subdirección xeral.

O nivel orgánico das restantes unidades administrativas previstas no artigo 2 do Real decreto 984/1989, do 28 de xullo, polo que se determina a estrutura orgánica dependente da presidencia das confederacións hidrográficas, determinarase na relación de postos de traballo.

2. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico manterá a estrutura orgánica, órganos de goberno, administración e cooperación e as funcións da actual Confederación Hidrográfica do Norte, coas adaptacións que resulten necesarias derivadas do seu novo ámbito territorial.

3. A composición, funcionamento e atribucións de comités de autoridades competentes da parte española das demarcacións do Miño-Sil e Cantábrico rexeranse polo disposto no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro.

Artigo 5. *Composición dos órganos de goberno, administración e cooperación.*

1. A Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil estará integrada polos membros indicados no artigo 27 do texto refundido da Lei de augas, e corresponderalles ás comunidades autónomas e aos usuarios, de conformidade coas regras establecidas nas alíneas c) e d) do dito artigo, coa seguinte representación:

a) Comunidades autónomas.

Comunidade Autónoma de Galicia: 6 representantes.

Comunidade de Castilla y León: 2 representantes.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias: 1 representante.

b) Usuarios.

Abastecemento a localidades: 3 representantes.

Regadíos: 3 representantes.

Usos enerxéticos: 3 representantes.

Outros usos: 1 representante.

2. A Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Cantábrico estará integrada polos membros indicados no artigo 27 do texto refundido da Lei de augas, e corresponderalles ás comunidades autónomas e aos usuarios, de conformidade coas regras establecidas nas alíneas c) e d) do dito artigo, coa seguinte representación:

a) Comunidades autónomas.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias: 4 representantes.

Comunidade Autónoma de Cantabria: 3 representantes.

Comunidade Autónoma do País Vasco: 2 representantes.

Comunidade Autónoma de Galicia: 1 representante.

Comunidade Foral de Navarra: 1 representante.

Comunidade de Castilla y León: 1 representante.

b) Usuarios.

Abastecemento a localidades: 4 representantes.

Regadíos: 1 representante.

Usos enerxéticos: 4 representantes.

Outros usos: 3 representantes.

Disposición adicional primeira. *Adscrición do persoal.*

A Xunta de Goberno da actual Confederación Hidrográfica do Norte formulará a proposta de adscrición do persoal á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, inspirándose nos criterios establecidos no artigo 3.

Disposición adicional segunda. *Adaptacións orzamentarias e económico-financeiras.*

O Ministerio de Economía e Facenda efectuará as modificacións orzamentarias necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto. Igualmente, realizará as adaptacións económico-financeiras e contables oportunas.

Disposición adicional terceira. *Financiamento.*

Os custos derivados da aplicación do disposto neste real decreto imputaranse ao orzamento da Confederación Hidrográfica do Norte e, de ser o caso, ao orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, sen que a dita aplicación poida supor incremento do gasto público.

Disposición adicional cuarta. *Redenominación das demarcacións hidrográficas.*

O territorio español das demarcacións hidrográficas do Miño-Limia e Norte, definidas no artigo 3.1 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito das demarcacións hidrográficas, pasará a se denominar territorio español da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil e do Cantábrico, respectivamente.

Disposición transitoria primeira. *Mantemento das funcións da Confederación Hidrográfica do Norte no seu ámbito territorial actual.*

Ata a entrada en funcionamento dos órganos de goberno, administración e cooperación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e do Cantábrico na data prevista na disposición derradeira segunda, a actual Confederación Hidrográfica do Norte seguirá a exercer as funcións no ámbito territorial que lle correspondía ata a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Presidencia das confederacións hidrográficas.*

Mentres non se leve a cabo o nomeamento dos presidentes das confederacións hidrográficas do Miño-Sil e do Cantábrico, o presidente da Confederación Hidrográfica do Norte exercerá as súas funcións, no seu ámbito territorial respectivo.

Disposición transitoria terceira. *Consello da Auga.*

Ata a constitución dos consellos da Auga da parte española das demarcacións Miño-Sil e Cantábrico, o actual Consello da Auga da Confederación Hidrográfica do Norte exercerá as súas funcións, coa participación para cada confederación dos vogais do organismo de bacía, as comunidades autónomas e os usuarios pertencentes ao seu ámbito territorial.

Disposición transitoria cuarta. *Xestión orzamentaria correspondente ao exercicio 2008.*

Transitoriamente, durante o ano 2008, ao vixente orzamento da Confederación Hidrográfica do Norte aplícanse os ingresos e imputaranse os gastos que correspondan tanto á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil como á Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 930/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Norte, salvo o previsto no artigo 4.2 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 1 queda redactado da seguinte forma:

«1.1 Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Comprende o ámbito territorial da zona terrestre da parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico.»

Dous. Engádesse un novo número dous coa seguinte redacción:

«1.2 Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comprende o ámbito territorial da zona terrestre da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.»

Tres. Os puntos 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do citado artigo pasan a se numerar como puntos 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en funcionamento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da Confederación Hidrográfica do Cantábrico.*

A entrada en funcionamento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e do Cantábrico producirase antes do 30 de xuño de 2008.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O titular do Ministerio de Medio Ambiente ditará as disposicións e resolucións necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

4892 *CORRECCIÓN de erros da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008. («BOE» 64, do 14-3-2008.)*

Advertidos erros na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 34, do 28 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Título III «Dos gastos de persoal», capítulo II «Dos réximes retributivos»,

Na páxina 4.271, artigo 32, número catro, punto 2, no cuarto parágrafo, onde di: «... As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio ...», e dos fiscais da Sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Faltan as contías.

Debe dicir: «... As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio ...», e dos fiscais da Sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

	Euros
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	28.648,20
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	88.849,44
Total	117.497,64

Título VII, «Dos entes territoriais», capítulo I, «Corporacións locais»,

Na páxina 4.305, primeira columna, no número tres do artigo 85, onde di: « $PIE_{2007}^m = PFC_{2007}^m + PIRPF_{2007}^m + PIVE_{2007}^m + \sum PIIIEE(h)_{2007}^m$ », debe dicir: « $PIE_{2007}^m = PFC_{2007}^m + PIRPF_{2007}^m + PIVE_{2007}^m + \sum PIIIEE(h)_{2007}^m$ ».

Na páxina 4.306, segunda columna, no número un do artigo 88, onde di: « $ECIVE_m = 0,017897 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_m/P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIVE_m = 0,017897 \times RPIVE \times ICP_i \times (P_m/P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.306, segunda columna, no número un do artigo 89, onde di: « $ECIIEE(h)_m = 0,020454 \times RPIIEE(h) \times ICP(h) \times (P_m/P_i) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIEE(h)_m = 0,020454 \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_m/P_i) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.307, primeira columna, no número un do artigo 90, onde di: « $ECIIEE(k)_m = 0,020454 \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$ », debe dicir: « $ECIIEE(k)_m = 0,020454 \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$ ».

Na páxina 4.308, primeira columna, no número tres.b).2 do artigo 93, onde di: « $Ef_m = \sum [a(RcO/RP_m)] \times P_i$ », debe dicir: « $Ef_m = [\sum a(RcO/RP_m)] \times P_i$ ».

Na páxina 4.308, segunda columna, primeira liña, número tres.b).2.B. do artigo 93, onde di: «A relación RcO/RP_m calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación a cada municipio, da seguinte maneira:...», debe dicir: «A relación RcO/RP_m calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación a cada municipio, da seguinte maneira:...».

Na páxina 4.308, segunda columna, no número tres.b).2.B.iv. do artigo 93, onde di: «A suma $\sum a(RcO/RP_m)$ multiplicarase polo factor P_i , sendo este a súa poboación...»,